



RESOLUCIÓN DO DIRECTOR DA ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA DO 19 DE XANEIRO DE 2026 POLA QUE SE CONVOCAN PRAZAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS CURRICULARES EN EMPRESAS DO SEGUNDO CUADRIMESTRE PARA AS TITULACIÓNS DA ESEI

De acordo a normativa vixente e o Regulamento propio da ESEI aprobado en Xunta de Centro do 19 de Decembro de 2025, esta Dirección acorda convocar procedemento selectivo para a realización de prácticas en empresas polo estudiantado da titulación de Grao en Enxeñaría Informática, Grao en Intelixencia Artificial, Mestrado en Intelixencia Artificial e Mestrado en Enxeñaría Informática, de acordo coas seguintes bases:

BASES DA CONVOCATORIA

1. NORMAS XERAIS

Esta convocatoria atinxe principalmente as prácticas curriculares e para aquel alumnado que solicite a asignación de prazas por parte da ESEI.

Aqueles estudantes que cheguen a un acordo directo cunha empresa non é preciso que soliciten praza nesta convocatoria. É suficiente con informar a Coordinación de prácticas para dar comezo os trámites requiridos para a súa formalización. Para aquelas empresas coas que se chegue a acordo e non teñan tramitado o correspondente convenio, a Coordinación iniciará ditos trámites ante a Secretaría Xeral da Universidade.

Doutra banda, pódense realizar prácticas extracurriculares en calquera momento do curso. Este tipo de prácticas xestiónanse a través da FUVI. As prácticas extracurriculares poderanse recoñecer pola materia de prácticas curriculares trala súa finalización e coa correspondente



solicitude nos servizos administrativos do centro. Tamén é posible transformar as prazas asignadas na presente convocatoria por prácticas extracurriculares se fose preciso por cuestións operativas ou administrativas.

As prácticas curriculares obxecto desta convocatoria realizaranse nos seguintes períodos: de febreiro a xuño de 2026.

- No Grao en Enxeñaría Informática as prácticas son optativas para o alumnado de 4º curso, podendo ser de 150h ou 300h.
- No Grao en Intelixencia Artificial as prácticas son obrigatorias para o alumnado de 4º curso, cunha duración de 150h
- No Mestrado en Enxeñaría Informática, as prácticas son obrigatorias para o alumnado de 2º curso cunha duración de 225h.
- No Mestrado en Intelixencia Artificial, as prácticas son obrigatorias para o alumnado de 2º curso, cunha duración de 150h.

2. REQUISITOS DOS CANDIDATOS/AS

Para poder realizar as prácticas curriculares nesta convocatoria é preciso cumprir os requisitos establecidos na normativa vixente e non ter relación laboral coa empresa onde se pretenden realizar as prácticas.

3. LUGAR DE NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DERIVADOS DA PRESENTE CONVOCATORIA

Os documentos que se emitan desde o centro derivados da presente convocatoria publicaranse na seguinte páxina web da Escola <https://esei.uvigo.es/docencia/practiclas-en-empresa/>



4. PROCEDEMENTO PARA SOLICITAR AS PRÁCTICAS

Quen desexe participar no proceso deberá cubrir o formulario *“Solicitud Inicial Asignación Prácticas 2Cuadrimestre”*, indicando o interese en realizar prácticas no segundo cuadrimestre.

O prazo de presentación das solicitudes finaliza o 28 de xaneiro de 2026 as 14:00 horas.

5. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o día 30 de xaneiro publicarase a relación provisoria de aspirantes admitidos/as e excluídos.

Na mesma data publicarase a listaxe de empresas que realizan oferta de prácticas curriculares para cada titulación xunto coas características e requisitos das prazas ofertadas.

Entre o 30 de xaneiro e o 4 de febreiro as 14:00 horas, mediante o formulario de solicitude correspondente a cada titulación, dispoñible na paxina web <https://esei.uvigo.es/docencia/practicas-en-empresa/> o alumnado indicará a súa preferencia ordenada de empresas nas que realizar as prácticas.

6. SELECCIÓN DO ESTUDANTADO SOLICITANTE

No proceso de selección garantíranse os principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade dos solicitantes.

6.1 Probas de selección.

No caso daquelas entidades colaboradoras que establezan a realización dunha proba (entrevista), esta será a que determine a selección do estudantado. O calendario das diferentes probas de selección, a desenvolverse entre o 9 de febreiro e o 12 de febreiro, comunicárase persoalmente a cada estudante á conta de correo indicada na solicitude.



A asistencia ás entrevistas é obrigatoria agás motivos xustificadas documentalmente que preferentemente deberán ser comunicados a coordinación de prácticas con suficiente antelación para poder informar á empresa.

O alumnado que solicite unha praza con proba de selección e sexa convocado a entrevista e non asista será penalizado e pasará ao final da listaxe por nota media e serán os últimos en optar ás prazas ofertadas.

6.2 As empresas poderán incrementar (nunca reducir) o número de prazas ofertadas logo de realizadas as entrevistas. Desta forma, as empresas poderán axustar a súa oferta final ao interese e ao perfil do alumnado trala realización das entrevistas.

6.3 Os criterios de asignación serán:

- Selección realizada polas empresas
- Orde de preferencia do alumno/a na súa solicitude
- Nota media (nos casos nos que as empresas non realicen probas de selección).

7. RESULTADO FINAL

Finalizado o proceso de selección, o día 18 de febreiro publicarase a resolución coa asignación provisional, listado de estudantes na que se lle indicará aos estudantes seleccionados o seu titor/a académico.

Aquel alumnado que non tivese a matrícula correspondente a prácticas curriculares do 2 cuadrimestre poderá facelo no período habilitado pola Universidade do 19 de febreiro ao 24 de febreiro. (Estas datas son dependentes dos servizos administrativos correspondentes e poden estar suxeitas a variacións).

8. DEREITOS DOS ESTUDANTES

O alumnado admitido nas prácticas terá dereito a ser tutelado e avaliado no seu desenvolvemento.



9. DEBERES DOS ESTUDANTES

Unha vez asignada a praza a/o estudante deberá poñerse en contacto co seu titor/a na empresa co fin de elaborar o Proxecto Formativo das prácticas e os documentos anexos correspondentes que fixarán como mínimo:

- Os horarios, que deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación do estudante.
- As actividades que se van a desenvolver.
- Posibles compensacións económicas, que se farán efectivas pola entidade colaboradora segundo a modalidade de pago que considere axeitada.

Todos estes anexos serán cubertos seguindo o procedemento establecido pola Universidade e de acordo co titor/a académico e nos prazos correspondentes.

O alumnado comunicará ao seu titor/a académico calquera dúbida, inqueda ou incidencia que se produza no desenvolvemento das prácticas, así como calquera cambio que se produza nas condicións declaradas no Proxecto Formativo.

A/O estudante estará obrigado, para obter o recoñecemento académico, á realización da totalidade dos créditos de prácticas dos que está matriculado de acordo co establecido no plan de estudos.

10. RELACIÓN DO ESTUDANTADO COA ENTIDADE COLABORADORA

A vinculación das/dos estudantes coas entidades colaboradoras non terá en ningún caso carácter laboral nin a consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe, ou calquera outra modalidade existente.



Edificio Politécnico
Campus universitario
32004 Ourense
España

Tel. 988 387 000
Fax 988 387 001

esei.uvigo.es
info@esei.uvigo.es

A realización de prácticas externas determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen, que quedarán comprendidas como asimiladas a traballadores por conta allea no Réxime Xeral da Seguridade Social.

No caso das prácticas non remuneradas o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá á Universidade de Vigo.

No caso das prácticas remuneradas, o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá á entidade ou organismo que financie o programa de formación, que asumirá a estes efectos a condición de empresario.

A entidade colaboradora nomeará un Titor/a de Prácticas que garantirá unha axeitada programación, desenvolvemento e verificación das prácticas tuteladas por esta persoa. Unha vez rematado o período de prácticas enviará un informe final conforme á correcta realización ou non do período de formación dispoñible en <https://esei.uvigo.es/a-esei/formularios/practicas-en-empresa/>

12. AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS

A avaliación das prácticas será realizada por un titor/a académico, nomeado polo Director a proposta da Coordinación de Prácticas, á vista da memoria e documentos que deberá presentar a/o estudante ao finalizar as prácticas e do informe do titor/a do alumno/a na entidade colaboradora.

Os documentos a presentar, diferentes en función da titulación, están dispoñibles na páxina web <https://esei.uvigo.es/a-esei/formularios/practicas-en-empresa/>.

Toda esta documentación debe enviarse ao titor/a académico antes do 22 de xuño de 2026 para poder reflexar correctamente a cualificación en actas.